

Actividade e publicacións da Real Academia Galega (RAG). — *Codificación léxica.* A finais do 2004 publicouse o *Vocabulario Ortográfico da Lingua Galega (VOLGa)*, cunhas 45.000 entradas. Coeditárono a RAG e o Instituto da Lingua Galega (ILG) e coordinárono Manuel González González e Antón Santamarina Fernández, académicos e membros do ILG. En 1989 xa se editara unha versión provisional e non venal dese *Vocabulario*, que foi a base fundamental das entradas da práctica totalidade dos dicionarios e vocabularios temáticos da lingua galega realizados nos últimos 15 anos. O feito de que en xullo do 2003 a RAG aprobase unha serie de reformas das *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* do ano 1982, fixo necesaria unha nova revisión do *VOLGa* para adecualo ó novo texto normativo, que se editou en decembro do 2003.

— *A herdanza da lingua.* O 18 de decembro do 2004 a RAG celebrou na súa sede da Coruña unha sesión na que interviñeron os académicos correspondentes Carlos Varela Aenlle, Héctor Silveiro Fernández, Felipe Lubián Lubián e Domingus Frades, nomeados o 9 de outubro do 2004, e o académico numerario Francisco Fernández Rei.

Esta sesión foi unha homenaxe ás variedades de lingua galega das comarcas estremeiras con Galicia (Eo-Navia, Bierzo Occidental e Portelas de Zamora) e así mesmo ó que Lindley Cintra denominou “falar também esencialmente galego”, o dos concellos cacereños de Valverde do Fresno, As Ellas e San Martín de Trebello, nos somotes da Serra de Gata.

Os discursos da sesión publicáronse no volume *A herdanza da lingua. O galego de Asturias, León, Zamora e Cáceres* (A Coruña, 2004, 51 p.).

— *Día das Letras Galegas.* O 17 de maio do 2005 a RAG desprazouse a Monterroso (Lugo) para celebrar unha sesión extraordinaria e pública en honra do poeta Lorenzo Varela, a quen se lle dedicou o Día das Letras Galegas. Interviñeron os académicos numerarios Xosé Luís Axeitos Agrelo, Xosé Neira Vilas e Xesús Alonso Montero e fechou o acto Xosé Ramón Barreiro Fernández, Presidente da RAG.

O 2 de xullo do 2005 o Plenario da RAG elixiu a Manuel LUGRÍS FREIRE como persoeiro do Día das Letras Galegas do ano 2006. Membro fundador da Academia e presidente da institución en 1934-35, a biografía e obra de LUGRÍS mostran unha vida de total entrega á dignificación e á normalización da lingua galega, sempre unida á defensa de Galicia para o que participou na creación de moi diversas entidades políticas e culturais. En Cuba funda o primeiro xornal escrito integramente en galego (*A Gaita Gallega* 1885-89); é o primeiro en usar en público o galego nun mitin, en 1907 en Betanzos nun acto do Sindicato Solidaridad Gallega do que fora fundador; en 1916 participa na constitución da Irmandade da Fala da Coruña; en 1922 publica *Gramática do idioma galego*, a primeira escrita no noso idioma; en 1923 ingresa como correspondente do Seminario de Estudos Galegos cun discurso sobre Pondal; e en 1932 participa na redacción do anteproxecto do Estatuto de Autonomía (e logo do proxecto), en representación do Partido Galeguista. No que respecta á produción literaria, tratou practicamente todos os temas, salientando a súa obra teatral, coa que inaugurou o teatro galego en prosa.

— *Novos académicos numerarios*. En diversos plenarios do ano 2005 a RAG elixiu novos numerarios para cubrir recentes vacantes: o dramaturgo Euloxio Rodríguez Ruibal ocupará a cadeira do historiador Antonio Meixide Pardo e o poeta e narrador Darío Xohán Cabana Yáñez a do poeta Manuel María Fernández Teixeiro, mentres que o historiador Ramón Villarez Paz cubrirá a vacante do xurista e bibliófilo Xulio Francisco Ogando Vázquez. [F. F. R.]